

## **ORDENANZA FISCAL Nº 4, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.**

### **Artigo 1. Establecemento do imposto e normativa aplicable.**

1. De acordo co disposto nos artigos 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e nos artigos 15.1 e 60.2 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, este concello establece o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.
2. O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras rexerese neste concello:
  - a. Polas normas contidas no capítulo II, sección 3ª, subsección 4ª da Lei 39/1988, do 28 de decembro, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan a dita Lei.
  - b. Pola presente ordenanza fiscal.

### **Artigo 2. Feito imponible**

1. Constitúe o feito imponible deste imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a devandita licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este concello.
2. O feito imponible prodúcese pola mera realización das construcións, instalacións e obras mencionadas; e afecta a todas aquelas que se realicen neste termo municipal, aínda que se esixa a autorización doutra administración.

### **Artigo 3. Construcións, instalacións e obras suxeitas.**

Son construcións, instalacións e obras suxeitas ó imposto todas aquelas nas que a execución implique a realización do feito imponible definido no artigo anterior, e, en particular, as seguintes:

- a) As obras de nova planta e de ampliación de edificios, ou necesarias para a implantación, ampliación, modificación ou reforma de instalacións de calquera tipo.
- b) As obras de modificación ou de reforma que afecten á estrutura, ó aspecto exterior ou á disposición interior dos edificios, ou que incidan en calquera clase de instalacións existentes.
- c) As obras provisionais.

- d) A construción de vados para a entrada e saída de vehículos das fincas na vía pública.
- e) As construcións, instalacións e obras realizadas na vía pública por particulares ou polas empresas subministradoras dos servizos públicos, que correspondan tanto ás obras necesarias para a apertura de calas e pozos, colocación de postes de soporte, canalizacións, conexións e, en xeral, calquera movemento do pavimento ou beirarrúas, como ás necesarias para a reposición, reconstrución ou arranxo do que se puidera estragar coas calas mencionadas.
- f) Os movementos de terra, tales como desmontes, explanacións, escavacións, aterraplenados, salvo que estes casos estean detallados e programados como obras para executar nun proxecto de urbanización ou edificación aprobado ou autorizado.
- g) As obras de cerramento de solares ou dos terreos e as vallas, as estadas e as andadeiras de precaución.
- h) A nova implantación, a ampliación, a modificación, a substitución ou o cambio de emprazamento de todo tipo de instalacións técnicas dos servizos públicos, calquera que sexa ou seu emprazamento.
- i) Os usos e instalacións de carácter provisional.
- j) A instalación, reforma ou calquera outra modificación dos soportes ou vallas que teñan publicidade ou propaganda.
- k) As instalacións subterráneas dedicadas ós aparcamentos, ás actividades industriais, mercantís ou profesionais, ós servizos públicos ou a calquera outro uso a que se dedique o subsolo.
- l) A realización de calquera outras actuacións establecidas polos plans de ordenación ou polas ordenanzas que lles sexan aplicables como suxeitas á licenza municipal, sempre que se trate de construcións, instalacións ou obras.

#### **Artigo 4. Suxeitos pasivos.**

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades á que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que sexan donos das construcións, instalacións ou obras, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realicen aquelas. Para os efectos previstos no parágrafo anterior, terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou custos que supoña a súa realización.
2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte

quen soliciten as correspondentes licencias ou realicen as construcións, instalacións ou obras. O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

## **Artigo 5. Exencións.**

Está exenta deste imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades locais que, estando suxeitas ó imposto, vaian ser directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo polo Organismos Autónomos, tanto se se trata de obras de novo investimento como de conservación.

## **Artigo 6. Base imponible.**

A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra; e se entende por tal, para estes efectos, o custo de execución material de aquela. Non forman parte da dita base o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material.

## **Artigo 7. Tipo de gravame e cota.**

1. O tipo de gravame será o 2 por cento.
2. A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

## **Artigo 8. Bonificacións.**

1. Establécese unha bonificación do 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración a xuízo do Pleno da Corporación, co voto da maioría simple dos seus membros.
2. Establécese unha bonificación a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que ás

instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente. A bonificación establécese no 10 por cento dos gastos de execución material dos sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar, que se deducirá da cota íntegra do imposto, sen que en ningún caso a dedución poida exceder do 30 por cento da cota. O suxeito pasivo deberá achegar, xunto coa solicitude da licenza, o proxecto técnico visado polo colexio oficial correspondente, acreditativo da incorporación á construción, instalación ou obra de instalacións de enerxía solar térmica ou de enerxía solar fotovoltaica para autoconsumo, así como da homologación dos colectores empregados para a produción de calor.

3. Establécese unha bonificación do 50 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras vinculadas ós plans de fomento das inversións privadas en infraestruturas. Esta bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren os apartados anteriores.
4. Establécese unha bonificación do 50 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras referentes ás vivendas de protección oficial. Para o seu aproveitamento, o suxeito pasivo deberá achegar, antes da retirada da licenza, a cédula de cualificación como Vivenda de Protección Oficial emitida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo. Esta bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren os apartados anteriores.
5. Establécese unha bonificación a favor das construcións, instalacións e obras que favorezan por riba do legalmente establecido as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. A bonificación establécese no 10 por cento das partidas reflectidas no orzamento de execución material das obras que se refiran especificamente ós elementos que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados, que se deducirá da cota íntegra do imposto, sen que en ningún caso a dedución supere o 30 por cento da cota. Para a aplicación desta bonificación será necesario que os proxectos de obras prevexan medidas adicionais ás establecidas como obrigatorias e mínimas na normativa autonómica ó respecto. Esta bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren os apartados anteriores.
6. As bonificacións previstas neste artigo esixirán:
  - a. Solicitude do interesado.
  - b. No apartado un, a xustificación do especial interese ou utilidade municipal, que se fará constar mediante memoria anexa á solicitude, e sobre o que informarán os servizos municipais correspondentes. Nos apartados dous e

cinco, informe do Servizo de urbanismo. E, en todo caso, informe do Servizo de rendas do Concello.

c. Acordo da Comisión de Goberno e, no seu caso, do Pleno.

## **Artigo 9.- Devengo.**

1. O devengo, ou obriga de contribuír por este imposto, orixínase no intre de se comezar a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivese a correspondente licenza.
2. Para estes efectos, entenderanse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario, cando fora concedida a preceptiva licenza municipal; no momento no que sexa retirada a devandita licenza polo interesado ou o seu representante, ou, noutro caso, ó mes da data do decreto da Alcaldía ou do acordo da Comisión de Goberno.

## **Artigo 10. Xestión do imposto.**

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar declaración-autoliquidación do imposto mediante impreso oficial que deberá unirse, segundo os casos, á solicitude da licenza ou á declaración responsable ou á comunicación previa, e a ingresar a cota tributaria na Tesourería municipal ou en calquera entidade colaboradora autorizada, sen que o pagamento implique ningunha presunción ou acto declarativo de dereitos a favor dos interesados.
2. A base imponible determinarase en función do orzamento achegado polos interesados, sempre que o proxecto construtivo teña o visado do Colexio Oficial competente. Copia deste orzamento deberá unirse á autoliquidación. De non requirirse o visado, a base será a resultante de aplicar os módulos consignados no Anexo desta ordenanza para cada tipo de obras o instalacións. A falta de módulos aplicables, a base imponible será determinada polos técnicos municipais atendendo ao custo estimado do proxecto.
3. Se a autoliquidación non se ingresase no prazo máximo de un mes a partir da notificación do outorgamento da licenza ou do momento en que se inicie a construción, instalación ou obra, ou se aquela se presentase e abonase por cantidade inferior á que resulte do orzamento achegado, a Administración municipal poderá practicar a correspondente liquidación provisional.
4. A autoliquidación ingresada será a conta da provisional que se practique, e, en todo caso, da definitiva aprobada ao remate das construcións, instalacións ou obras.

5. Queda exceptuada a autoliquidación cando se solicite algún beneficio fiscal, suposto en que se practicare liquidación provisional unha vez tramitado o expediente.
6. Cando se modifique o proxecto da construción, instalación ou obra e houberse incremento do seu orzamento, unha vez aceptada a modificación pola Administración municipal, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria pola diferenza entre o orzamento inicial e o modificado.
7. Rematadas as construcións, instalacións ou obras, e sempre que o custo final sexa superior ou inferior ao inicialmente declarado, os suxeitos pasivos deberán practicar unha autoliquidación complementaria en impreso oficial acompañando copia do D.N.I. ou C.I.F. do suxeito pasivo, así como certificado e presuposto final de obra visado polo Colexio Oficial correspondente, cando se esixiran direccións facultativas, e calquera outro documento que se considere oportuno. O pagamento das autoliquidacións positivas efectuarase no prazo de un mes contado a partir do remate das construcións, instalacións ou obras, e, en todo caso, con anterioridade á solicitude da licenza de primeira utilización ou ocupación.
8. O Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, á vista da documentación que dispoña acerca das construcións, instalacións ou obras realizadas e do seu custo real e efectivo, modificará, no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, segundo proceda, a cantidade que resulte.
9. No suposto de que as construcións, instalacións ou obras non teñan dado comezo, haberá lugar á devolución do ingresado se así o solicita o obrigado tributario unha vez teña este formulado renuncia expresa á licenza ou se declare a súa caducidade.

## **Artigo 11.- Infraccións e sancións.**

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a cualificación das sancións correspondentes , rexerá o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.- Modificacións do imposto.**

As modificacións introducidas na regulación do imposto polas Leis de Orzamentos Xerais do Estado e demais leis ou disposicións, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita desta ordenanza.

## DISPOSICIÓN FINAL.- Aprobación, entrada en vigor e modificación da ordenanza fiscal.

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno do Concello na sesión do día 19 de outubro de 1989, comezará a rexer con efectos dende el 1 de xaneiro de 1990, e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación. No caso de modificación parcial, os artigos non modificados continuarán vixentes.

### ANEXO. Módulos para a determinación da base impoñible.

Actividades construtivas (obras menores)	Descrición	Importe
Acometida domiciliaria:	Ude. de acometida domiciliaria dende a rede pública	120,00 €/und
Demolicións:	m2 de demolição de pavimentos e revestimentos	5,00 €/m2
	m2 de demolição de tabiques	4,00 €/m2
	m2 de demolição de material de cubrición	4,00 €/m2
Movemento de terras:	m3 de excavación de gabias	7,00 €/m3
	m3 de excavación en vaciado e recheos (<40 m3 e altura <0,50 m)	3,00 €/m3
Saneamento:	m lineal de canalización de pasos de auga, incluso excavación e tapado	
	m lineal de canalización de abastecemento de auga, incluso excavación e tapado	
Cerramentos:	m lineal de cerramento de postes e arame/malla	21,00 €/m
	m lineal de reparación de cerramento	6,00 €/m
Substitución/reparación de cubertas:	m2 de cuberta de tella cerámica	25,00 €/m2
	m2 de cuberta de fibrocemento	12,00 €/m2
	m2 de cuberta de lousa de pizarra	30,00 €/m2
	m2 de cuberta metálica	35,00 €/m2
	m lineal de baixante de augas pluviais	11,00 €/m
	m lineal de canalón de recollida de augas pluviais	18,00 €/m
Pinturas:	m2 de pintura exterior de edificios	7,00 €/m2
	m2 de pintura interior de edificios	4,00 €/m2



CONCELLO  
DA ESTRADA

Actividades construtivas (obras menores)	Descripción	Importe
Substitución de carpinterías:	m2 de carpintería exterior de madeira	200,00 €/m2
	m2 de carpintería interior de madeira	120,00 €/m2
	m2 de carpintería exterior metálica	150,00 €/m2
	m2de carpintería interior metálica	100,00 €/m2
	m2 de reixa de seguridade en portas e fiestras	45,00 €/m2
	m2 de portalón metálico	110,00 €/m2
Pavimentos e revestimentos:	m2 de pavimento cerámico horizontal	25,00 €/m2
	m2 de pavimento cerámico vertical	20,00 €/m2
	m2de pavimento de formigón	12,00 €/m2
	m2 de pavimento de granito	45,00 €/m2
	m2 de pavimento de madeira	20,00 €/m2
	m2 de impermeabilización de terrazas	10,00 €/m2
	m2 de enfoscado de mortero de cemento	9,00 €/m2
	m2de revestimento monocapa	7,00 €/m2
	m2 de limpeza de fachada	3,00 €/m2
	m2 de rexuntado de muros	5,00 €/m2
	m2 de reparación de falso teito existente	8,00 €/m2
	m2 de revestimento metálico	35,00 €/m2





Actividades construtivas (obras menores)	Descripción	Importe
Instalacións:	Ude. de substitución da rede de fontanería e saneamento en aseo	152,00 €/und
	Ude. de colocación de aparatos sanitarios en aseo	200,00 €/und
	Ude. de substitución da rede de fontanería e saneamento en baño	210,00 €/und
	Ude. de colocación de aparatos sanitarios en baño	270,00 €/und
	Ude. de substitución da rede de fontanería e saneamento de cociña	180,00 €/und
	Ude. de substitución da rede de electricidade en vivenda	1.200,00 €/und
	Ude. de substitución da rede de calefacción en vivenda	1.100,00 €/und
	Ude. de implantación de pozo de auga	1.500,00 €/und
	Ude. de implantación de fosa séptica	2.000,00 €/und
Albanelería:	m2 de tabiquería de ladrillo/bloque	11,00 €/m2
	m2 de tabiquería de pladur	20,00 €/m2
Varios:	m2 de toldo	60,00 €/m2
	m2 de marquesiña	180,00 €/m2
	m2 de rótulo opaco saínte	270,00 €/m2
	m2 de rótulo opaco adosado	210,00 €/m2
	m2 de rótulo luminoso saínte	350,00 €/m2
	m2 de rótulo luminoso adosado	300,00 €/m2
	m2 de carteleira publicitaria	27,00 €/m2

Publicación B.O.P.: 27.12.1989		
Modificacións realizadas:		
	Acordo	Publicación B.O.P.
1ª	Pleno 10.11.2003	26.12.2003
2ª	Pleno 2.12.2013	3.02.2014